



Padrón



X CAMPIONATO DE GALICIA 10 KM. EN RUTA 2017

PADRÓN 10K 2017

A Concellería de Deportes de Padrón organiza o sábado 18 de febreiro de 2017 a partir das 16:00 horas, o PADRÓN 10K 2017 (XV Carreira Popular Concello de Padrón) que será a súa vez **Campionato de Galicia Absoluto e das categorías Junior, Promesa e veteranos de 10 km en Ruta 2017.**

A proba absoluta se disputará sobre unha distancia de 10 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA). As probas levaranse a cabo na localidade de Padrón (A Coruña) e estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. PARTICIPACIÓN:

Na carreira popular poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. Para o Campionato de Galicia de 10 km en ruta deberase estar en posesión da licenza federativa en vigor. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN:

Para o PADRÓN 10K 2017 as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	Atletas nados no 2013 e posteriores*
PREBENXAMÍN	Atletas nados nos anos 2010, 2011 e 2012*
BENXAMÍN	atletas nados no 2008 e 2009
ALEVÍN	atletas nados no 2006 e 2007
INFANTIL	atletas nados no 2004 e 2005

CADETE	atletas nados no 2002 e 2003
XUVENIL	atletas nados no 2000 e 2001
JUNIOR	atletas nados no 1998 e 1999
PROMESA	atletas nados no 1995, 1996 e 1997
SENIOR	atletas nados entre 1982 e 1994
VETERANOS <u>A</u>	atletas nados entre 1971 e 1981
VETERANOS <u>B</u>	atletas nados entre 1961 e 1970
VETERANOS <u>C</u>	atletas nados en 1960 e anteriores
VETERANAS <u>A</u>	atletas nadas entre 1971 e 1981
VETERANAS <u>B</u>	atletas nadas en 1970 e anteriores

* As categorías Pitufo e Prebenxamín non son categorías federadas

Para o Campionato Galego de 10 km en ruta tomaranse como referencia as categorías contempladas nos regulamentos da FGA e RFEA para probas en ruta que se publicarán de xeito previo á proba na circular do campionato nas webs www.atletismogalego.org e www.fgatletismo.es/santiago.

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

O percorrido da proba absoluta estará homologado pola RFEA e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego e nacional da distancia de 10 km en ruta. **A SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS ESTARÁ SITUADA NO CAMPO DO SOUTO.** Na proba absoluta haberá caixóns de saída dependendo das marcas realizadas na distancia (só en probas homologadas).

O percorrido da proba absoluta estará indicado, controlado e sinalizado cada kilómetro. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
16:00 h	PITUFOS	200 m aprox.
16:10 h	PREBENXAMÍN	500 m aprox.
16:20 h	BENXAMÍN	500 m aprox.
16:30 h	ALEVÍN	1000 m aprox.
16:45 h	INFANTIL – CADETE	3300 m aprox.
17:30 h.	XUVENIL	5 km homologados pola RFEA (1 volta circuito Grande)
17:30 h.	JUNIOR / PROMESA / SENIOR e VETERÁN	10 km homologados pola RFEA (2 voltas circuito Grande)
18:45 h	ENTREGA DE PREMIOS PROBAS ESCOLARES (AUDITORIO MUNICIPAL)	
19:30 h	ENTREGA DE PREMIOS PROBA ADULTOS E CAMPIONATO DE GALICIA (AUDITORIO MUNICIPAL)	

4. INSCRICIÓN

As inscricións da carreira popular en todas as súas categorías realizaranse a través da web www.emesports.es cubrindo o formulario de inscrición.

O prazo de inscrición para a carreira popular rematará o mércores 15 de febreiro ás 23:59 horas.

PREZO DA INSCRICIÓN

- | | |
|---------------------------------------|-----------------|
| - Categorias escolares (ata cadetes): | Gratuita |
| - Adultos (de xuvenil a veterán): | 6 € |

Non se aceptarán inscricións fora de prazo nin o día da carreira, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios, os cales serán: nome e apelidos, data de nacemento, teléfono e correo electrónico de contacto (se o ten), localidade de procedencia, provincia, colexio ou clube co que participa e número de licenza federativa ou seguro escolar (se a/o ten). Os atletas participantes na proba absoluta deberán indicar a marca en 10 km homologados na presente tempada ou na anterior.

As inscricións para o Campionato de Galicia de 10 km en ruta deberán realizarse a través do sistema online da Federación Española de Atletismo. Link: <https://isis.rfea.es/sirfea2>.

Teléfono de información: **654 28 56 92** (De martes a Vernes de 09:00 a 15:00)

NOTA IMPORTANTE: Os atletas con licenza federativa que se inscriban no Campionato de Galicia de 10 km en ruta e desexen optar aos premios e agasallos da carreira popular (trofeos, premios en metálico e agasallos) deberán formalizar tamén a súa inscrición na páxina web www.emesports.es. Deberán facer, a maiores da inscrición na web da FGA, a inscrición na carreira popular a través da páxina web www.emesports.es (é dicir, dúas inscricións).

5. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS

Realizarase o día da proba no AUDITORIO MUNICIPAL a carón do Centro Social (Campo do Souto) en horario de 11:30 a 13:00 horas (recomendable); tamén poderán recollese a partir das 15:00 horas ata media hora antes do inicio de cada proba.

O dorsal outorgado pola organización deberá levarse colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.

CHIP: A proba de adultos estará controlada a través dun CHIP que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal (agás propietarios de chip amarelo) e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

**TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O
FINALIZAR A SÚA PROBA**

DESCUALIFICACIÓNS: Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA em vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do xuíz arbitro da competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** cun prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

6. TROFEOS, PREMIOS e AGASALLOS

Os atletas inscritos no Campionato de Galicia de 10 km en ruta que non se inscriban na carreira popular non poderán optar a estes premios.

PADRÓN 10K 2017 (Carreira popular)

Recibirán trofeo:

- Os/as 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría por idade e sexo e tamén os/as tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.
- O/a 1^ºa corredor/a local.
- Trofeo Participación, ao colexio/clube con máis corredores inscritos que finalizen a proba.
- Trofeo Benxamín, ao corredor ou corredora de menor idade. Que finalice a proba.
- Trofeo Superveterán, ao corredor de maior idade que finalice a proba.
- Trofeo Superveterana, á corredora de maior idade que finalice a proba.
- Tódolos/as participantes nas probas escolares recibirán unha medalla conmemorativa.
- PREMIO ESPECIAL TERMAS DE CUNTIS: 3 invitacións para 2 persoas ao Aquaform do Balneario de Cuntis aos 3 primeiros/as clasificados/as da xeral absoluta.

PREMIOS EN METÁLICO DA PROBA ABSOLUTA (só para a carreira popular)

PREMIOS INDIVIDUAIS

<u>Categoría masculina</u>	<u>Categoría feminina</u>
› 1º Clasificado: 250 €	› 1ª Clasificada: 250 €
› 2º Clasificado: 175 €	› 2ª Clasificada: 175 €
› 3º Clasificado: 100 €	› 3ª Clasificada: 100 €
› Postos 4º ó 10º: 30 €	› Postos 4ª a 10ª: 30 €
› Postos 11º ó 20º: 20 €	› Postos 11ª a 20ª: 20 €
› Postos 21º ó 30º: 10 €	› Postos 21ª ó 30ª: 10 €

PREMIOS A CLUBES

<u>Categoría masculina</u>	<u>Categoría feminina</u>
› 1º equipo clasificado: 200 €	› 1º equipo clasificado: 200 €
› 2º equipo clasificado: 150 €	› 2º equipo clasificado: 150 €
› 3º equipo clasificado: 100 €	› 3º equipo clasificado: 100 €

A **clasificación por clubes na categoría masculina** será establecida a través dos 10 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 10º compoñente.

A **clasificación por clubes na categoría feminina** será establecida a través das 6 primeiras corredoras en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique a súa 6ª compoñente.

Os clubes poderán ser masculinos ou femeninos, pero non poderán ser mixtos.

SÓ SE ADMITIRÁ A PARTICIPACIÓN DE CLUBES FEDERADOS NOS PREMIOS EN METÁLICO, que terán que remitir o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente ó correo FGAsantiago@gmail.com no prazo de inscrición da proba absoluta. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubes nin filiais do mesmo.

O PAGAMENTO DOS PREMIOS EN METÁLICO REALIZARASE POR TRANSFERENCIA BANCARIA, PARA O CAL É OBRIGATORIO, UNHA VEZ QUE REMATEN AS PROBAS, QUE OS ATLETAS E CLUBES PREMIADOS SE ACHEGUEN Ó AUDITORIO MUNICIPAL (ZONA DE RETIRADA DE DORSAIS) E CUBRAN UN DOCUMENTO COS DATOS REQUERIDOS (PRESENTACIÓN DO DNI OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE, ENTIDADE BANCARIA, Nº DE CONTA, DOMICILIO E TLF DE CONTACTO).

Os premios en metálico estarán suxeitos as correspondentes retencións legais.

Entregarase un agasallo conmemorativo da proba a cada participante, tanto escolar como absoluta, ata fin de existencias.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

A participación de atletas extranxieros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "**Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre**" da tempada 2017-2018.

Máis información de esta norma en:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf

Haberá servizo de duchas no Polideportivo do Souto (só para homes) e no Polideportivo Grupo Escolar (para homes e mulleres). O horario de apertura de ambos será de 15:30 h–19:30 h.

- Os horarios das saídas poderán ser modificados, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes en cada proba.
- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordó co Regulamento da FGA e RFEA para probas en ruta en vigor.
- **DEREITOS DE IMAXE:** O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.).

Todos os dereitos de imaxe, pertencen á organización ou organizador (Concello de Padrón).

- Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

www.carreirasgalegas.com

www.emesports.es

www.atletismogalego.org

www.fgatletismo.es/santiago/

www.correrengalicia.org